

PROPOSTA

Grupo Municipal Mixto

ASUNTO: sobre declaración de Municipio oposto ao Tratado Transatlántico de Comercio e Investimentos (TTIP)

Ó abeiro do establecido no artigo 97.3 do ROF o Grupo político municipal Mixto a través do seu voceiro de Somos Cabanas - Participación Democrática Directa presenta a seguinte proposta para o seu debate no vindeiro Pleno ordinario da Corporación de outubro de 16:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O xerme do Acordo Transatlántico de Comercio e Investimentos (en adiante TTIP) data de principios do 2013, cando o presidente dos Estados Unidos, Barack Obama, anunciou a apertura de negociacións para facer efectivo este Tratado entre Europa e os Estados Unidos. En xuño dese mesmo ano, os membros da UE outorgaríanlle á Comisión a autorización para levar a cabo as precisas negociacións. Cabe aclarar que falamos dun acordo de grande magnitud polo que se verán afectadas máis de 800 millóns de persoas.

A aspiración principal que se propuxo nun primeiro momento para este Acordo sería o da supresión arancelaria e a liberalización das relacións entre os mercados europeo e estadounidense, mais como se demostrou co paso dos meses a finalidade real parece más ben a eliminación dos "obstáculos non tarifarios", os cales encarecen os custos indirectos de exportación de bens e servizos e determinan o comercio transatlántico; e todo isto ao amparo dunha total opacidade nas negociacións e de inclusión de cláusulas de arbitraxe privado como o Investor-State Dispute Settlement (en adiante ISDS), que de resultas parecen incluídos para favorecer exclusivamente os intereses das transnacionais implicadas no Acordo.

A propaganda oficial sobre o TTIP preséntasenos como un cúmulo de virtudes, tales como a creación de innumerables postos de traballo ou a mellora da competencia, que como adoita vendérsenos redundará no proveito dos consumidores. Afirmacións, cabe destacar, non apoiadas dende un punto de vista técnico tanto como sería deseable. Do que rara vez se nos fala é de que a economía estadounidense susténtase principalmente en dous piarez non moi tranquilizadores: a burbuilla enerxética fundamentada no "fracking" e a especulación financeira, nin da calidade dos postos de traballo que prometen crearse, nin tampouco dos impactos ambientais derivados da introducción no noso continente de prácticas como o devandito "fracking" ou da implantación masiva de cultivos xeneticamente modificados.

En relación co anterior, cabería destacar que no mercado estadounidense o regulamento sobre etiquetaxe de produtos alimenticios -por poñer un exemplo concreto- son moito menos restritivos ca en Europa. Merece mención o dato de que o 70% dos alimentos que se atopan nos supermercados estadounidenses foron modificados xeneticamente. Visto isto, non parece desatinado concluír que a relaxación das normas comunitarias sexan un dos obxectivos agardados polas grandes transnacionais.

Afectaría o TTIP á vida das veciñas e veciños de Cabanas? A resposta é si. Malia que poida parecer que un tratado de tal magnitude non afecta á vida municipal, a realidade é totalmente distinta. Poñendo un exemplo claro, para Galiza o feito de suprimir os aranceis entre a UE e EEUU comportaríalle inevitablemente que os traballadores do eido agroforestal quedarian á mercede dos seus competidores estadounidenses, marcados estes por un modelo produtivo moito más industrializado e competitivo, así como moito menos atento a criterios sociais e ecolóxicos. Mentre que Europa por cada 1000 Ha de terreo empréganse 57 persoas, nos EEUU empréganse 6.2. Un exemplo más global sería que, segundo a propia Comisión Europea, o crecemento económico vencellado co funcionamento "desexable" do TTIP traduciríase na emisión de 11 millóns de toneladas adicionais de CO₂.

Como se o exposto con anterioridade non fose suficiente para chamar como mínimo de "escuros" os intereses subxacentes a este acordo, son numerosos os casos nos que acordos similares ao que nos ocupa favoreceron o pagamento de inxentes cantidades de diñeiro dende os estados ás grandes empresas en concepto de indemnizacións:

PROPOSTA

Grupo Municipal Mixto

A empresa Lone Pine Resources solicitou unha indemnización millonaria ao goberno canadiense por establecer unha moratoria sobre o frácking. A empresa norteamericana Tecmec contestou á decisión da colectividade local mexicana de rexeitar a instalación dunha planta de tratamento de residuos, de tal sorte que o goberno mexicano houbo de pagar cinco millóns de dólares en concepto de indemnización. Casos para nós más achegados, como o da negación da apertura da mina de Corcoesto derivaron na esixencia por parte de Edgewater Exploration LTD dunha compensación millonaria. Cabe destacar o dato de que a apertura dunha mina destas características suporía o uso de 1,5 toneladas de cianuro e 4 millóns de litros de auga diarios segundo o diario dixital Nuevatribuna.

Lembrando a cláusula ISDS mencionada con anterioridade, a arbitaxe privada deste tipo de desputas ten moitas trazas de ser resolta a favor das grandes corporacións. Os comités de arbitaxe en tratados similares están compostos en moitos casos por persoas vinculadas ás xuntas directivas das empresas afectadas por el.

Conforme á percepción que aquí se defende, o TTIP non vai máis aló de ser, en palabras de Susan George, unha simple "carta de liberdades para as transnacionais que busca un mínimo común denominador definido polos intereses destas, en aberta desatención, con calquera consideración de cariz humano, social ou ambiental"; ou dito doutro xeito, unha ferramenta máis na procura dun descarnado mercado globalizado no que os capitais –e só eles– poidan moverse ao longo e ancho do planeta sen ningún tipo de cortapisas. Aínda que a día de hoxe nos chegue a través da propaganda oficial que o TTIP se atopa nunha vía morta, todo isto por suposto grazas á presión e esforzo de numerosos colectivos ao longo destes máis de tres anos, debemos ainda así seguir facendo oposición a tratados desta índole tales como o Acordo Económico e Comercial entre a UE e Canadá, que representan un claro atentado contra a democracia e a soberanía dos pobos en eidos como a alimentación, o respeto medioambiental ou, sen ir máis lonxe, o emprego.

Por todo o exposto, o Grupo Mixto-PDDdG propoñemos ao pleno os seguintes **ACORDOS**

- 1. Declarar Cabanas municipio oposto ao TTIP, defendendo os servizos públicos básicos para a solidariedade e redistribución social.**
- 2. Solicitar do Ministerio de Economía a suspensión das negociacións do TTIP e outros acordos comerciais similares, como o CETA e o TISA, para conseguir:**
 - a) Que mecanismos de arbitaxe como o ISDS non sexan incluídos en ningún tratado.**
 - b) Defender a actual política reguladora da UE e dos Estados Membros de forma que non se dilúan competencias en materias de lexislación social, protección do consumidor e medioambiente, evitando que as transnacionais teñan implicación nas regulacións.**
 - c) Que o tratado non se limite a obxectivos meramente económicos, e señañ tidos en conta en maior medida obxectivos medioambientais e sociais.**
 - d) Que exista un maior grao de transparencia nas negociacións, debéndose someter a debate público nos parlamentos nacionais, autonómicos e locais dos Estados implicados.**
- 3. Trasladar este acordo á Mancomunidade de concellos de Ferrol, ao Parlamento de Galicia e ás Cortes do Estado.**

Cabanas, 18 de outubro de 2016

Xosé Manuel Pérez Sardiña